

Praza número: 25/4005

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Permanente Laboral

Área de coñecemento: Botánica

Departamento: Bioloxía

Centro: Facultade de Ciencias

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Sendo as 9 horas do día 04 de xuño de 2025 e cumpríndose os requisitos que establece o art. 17.2. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como o establecido na Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, constitúese a comisión de selección do concurso arriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de intereses, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2003:

Presidencia: Cremades Ugarte, Javier

Secretaría: Peña Freire, Viviana

Vogal 1º Sánchez Mesequer, Andrea

Vogal 2º: Picó Mercader, Francisco Javier

Vogal 3º Riina Olivares, Ricarda Graciela

Rep. persoas traballadoras Muiño Boedo, Ramón José

A continuación, a comisión, segundo o apartado 7.8. e o anexo IV da Normativa indicada, establece os criterios para a valoración das probas, que se anexan como Acta de criterios de valoración e que se publicarán no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña (UDC) con anterioridade á convocatoria para o acto de presentación.

INCIDENCIAS Á ACTA DE CONSTITUCIÓN

Sen incidencias.

Rematado o acto, a presidencia dá por levantada a sesión. E para que conste, asino a presente acta como secretaría, coa conformidade da presidencia.

A presidencia,
Javier Cremades Ugarte

A secretaría,
Viviana Peña Freire

Praza número: 25/4005

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Permanente Laboral

Área de coñecemento: Botánica

Departamento: Bioloxía

Centro: Facultade de Ciencias

ACTA DE CRITERIOS DE VALORACIÓN

Constituída a comisión de selección do concurso de méritos para a provisión da praza arriba indicada, coa asistencia de:

Presidencia:	Cremades Ugarte, Javier
Secretaría:	Peña Freire, Viviana
Vogal 1º	Sánchez Meseguer, Andrea
Vogal 2º:	Picó Mercader, Francisco Javier
Vogal 3º	Riina Olivares, Ricarda Graciela
Rep. persoas traballadoras	Muiño Boedo, Ramón José

Procédese, de acordo co disposto no apartado 7.8 e seguindo as directrices establecidas no anexo IV da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, a establecer e publicar no TEO da UDC os criterios de valoración nos que se fundamentará o devandito procedemento de selección, que serán os que a continuación se indican:

1. Experiencia docente

Na experiencia docente valorarase, cando menos, a docencia universitaria en titulacións oficiais e a calidade docente que incluírá, entre outros aspectos, a avaliación no programa Docentia, a elaboración de manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria, a participación en proxectos e grupos de innovación, a realización de estadias docentes, a mobilidade docente, os premios e os recoñecementos docentes e a formación docente impartida e recibida.

2. Experiencia investigadora e de transferencia

Na experiencia investigadora e de transferencia valoraranse, cando menos, as publicacións científicas, as comunicacións en reunións científicas, as bolsas e os contratos pre e posdoutorais, a realización de estadias pre e posdoutorais, a dirección de teses de doutoramento, a participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación, e a realización de accións de transferencia e divulgación.

A experiencia docente e a experiencia investigadora e de transferencia deberanse valorar por igual.

3. Experiencia profesional e de xestión.

Na experiencia profesional e de xestión valórase a experiencia profesional na especialidade de coñecemento da convocatoria e na experiencia de xestión, cando menos, o traballo desempeñado na dirección e xestión universitaria ou científica a través de cargos académicos, a coordinación de titulacións, a dirección de revistas ou editoriais científicas e a participación en axencias de avaliación.

Na valoración do proxecto docente terase en conta, cando menos, a adecuación do proxecto á descrición da materia na memoria do título, a calidade e a coherencia dos seus contidos, a súa calidade formal, ben como a claridade na súa exposición oral e a capacidade de resposta ás cuestións que formule a comisión de selección.

Na valoración do proxecto investigador terase en conta, cando menos, a súa adecuación á especialidade de coñecemento, a calidade e a viabilidade da proposta e o impacto científico-técnico esperado

Praza número: 25/4005

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Permanente Laboral

Área de coñecemento: Botánica

Departamento: Bioloxía

Centro: Facultade de Ciencias

Rematado o acto, a presidencia dá por levantada a sesión. E para que conste, asino a presente acta como secretaria, coa conformidade da presidencia.

A presidencia,
Javier Cremades Ugarte

A secretaria,
Viviana Peña Freire